

A
BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO
NA HOMENAXE A
PASCUAL VEIGA

A Banda de Música de Ribadeo fixo a súa presentación pública en concerto o pasado 25 de xaneiro. O 15 de febreiro actuou no Teatro "Pastor Díaz" de Viveiro (vila natal do director da Banda) abrindo os actos do XX Aniversario da **Agrupación Cultural Sementeira**. O concerto de agora en Mondoñedo é pois, a súa terceira comparecencia pública.

A Banda de Música de Ribadeo, que en breve asinará un protocolo de estreita colaboración co Excmo. Concello de Ribadeo, está concebida desde un principio como colectividade eminentemente moderna que, sen embargo, non renuncia á tradición bandística galega. De aí os programas dos seus concertos. Neste de Mondoñedo incorpora ó repertorio o célebre pasodobre galego **Pontearreas**, de Reveriano Soutullo, a selección para banda sinfónica de temas da ópera rock **Jesus Christ Superstar**, de Lloyd Webber e o pasodobre-swing **Churumbelerias**, do mestre do bandismo español Emilio Cebrián Ruiz. O resto do programa, que como se observará, recolle mostras de repertorio clásico, galego e, máis unha vez, moderno (West...), xa formou parte do seu concerto inaugural.

A Banda Municipal de Ribadeo, cos seus 43 compoñentes (tres máis xa ca no día da súa presentación), concorre orgullosa á homenaxe ó mestre Pascual Veiga. O seu director, o ex-profesor do Conservatorio de Viveiro, Hernán Naval, e o seu secretario, Víctor M. Sanjurjo Láncara, forman parte da comisión promotora da homenaxe a Veiga. O concerto finalizará, inexcusablemente, coa interpretación do **Himno Galego**, de Pascual Veiga. Antes dos verán, a Banda Municipal de Ribadeo incorporará ó seu repertorio a entremecedora **Alborada**.

MONDOÑEDO



CICLO DE CONCERTOS DAS
BANDAS POPULARES EN
HOMENAXE A
PASCUAL VEIGA
NO SEU 150 ANIVERSARIO

DOMINGO, 3 DE MAIO DE 1992, A 1 DA TARDE
NO SALON DE ACTOS DO SEMINARIO

**CONCERTO DA BANDA
MUNICIPAL DE RIBADEO**



ORGANIZA: COMISION HOMENAXE A PASCUAL VEIGA.
PATROCINA: CONCELLO DE MONDOÑEDO.

PROGRAMA

PRIMEIRA PARTE

PONTEAREAS (Pasodoble)	R. Soutullo
TANNHAÜSER (Coro de peregrinos)	R. Wagner
BALADA GALEGA (Negra sombra)	Juan Montes
LUGO - FERROL (Pasodoble)	G. Baudot

SEGUNDA PARTE

CHURUMBELERIAS (Pasodoble)	E. Cebrián Ruíz
WEST SIDE STORY (Selección)	Leonard Bernstein
JESUS CHRIST - SUPERSTAR (Selección)	Lloyd Weber
AMPARITO ROCA (Pasodoble)	J. Texidor
HIMNO GALEGO	Pascual Veiga

Director: Hernán Naval